

3ª PROPOSTA

MOI IMPORTANTE!!!

- **TEDES QUE MANDARME 2 PÁXINAS, COS TEXTOS QUE FOSTES ESCRIBINDO, A ESTE CORREO: mbarrostaboada@protexdat.com**
 - **ESTA SEMANA ENVIÁDEME SÓ 2 PÁXINAS, NON 2 FOLLAS**
 - **E DESPOIS ÍDESME MANDANDO OUTRAS 2 PÁXINAS CADA SEMANA**
 - **ESCOLLEDE UNHA DOS PRIMEIROS DÍAS E OUTRA DOS ÚLTIMOS**
 - **EN CADA PÁXINA TEDES QUE POÑER SEMPRE o nome e os apelidos, o curso e o grupo e mais 1 ou 2 (segundo sexa a primeira ou a segunda)**
 - **SE ALGUÉN, POLO QUE SEXA, NON MAS PODE ENVIAR, QUE ME MANDE UNHA MENSAXE POLO ABALAR OU UN CORREO OU QUE ME CHAME Ó [986 50 33 77](tel:986503377)**
- **NON EMPECEDES ESTAS ACTIVIDADES ATA QUE ACABEDES AS ANTERIORES**
- **E LEMBRÁDE QUE TEDES QUE SEGUIR LENDO E ESCRIBINDO TODOS OS DÍAS**

Lectura

- Seguíde lendo todo o que poidades.
- Entrade na plataforma **GaliciaLe** (<https://www.galiciale.gal/>) para coller, en préstamo, libros en formato dixital.



GaliciaLe é unha plataforma de préstamo de libros [...] e películas en formato dixital... Hai un “Catálogo galego” e un “Catálogo en castelán”, e as obras poden lerse e verse en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles e ordenadores persoais. Os libros tamén se poden ler desde un lector de libro electrónico.

- **Para rexistrarvos e para poder solicitar calquera préstamo, COMO SODES MENORES DE IDADE, tedes que facelo coa autorización e a supervisión da vosa nai ou do voso pai.**
- Ademais ides necesitar a axuda dunha persoa maior, pois é un pouco complicado e leva bastante tempo.
- Hai varias maneiras de solicitar o préstamo: se tedes carné dalgunha biblioteca pública ou non, se é o vello ou o novo e se tedes contrasinal ou non.
- **NON vale o carné da biblioteca do Instituto. É o carné da Biblioteca de Vilagarcía (a que está na rúa Rei Daviña), que tamén vale para a de Bamio e a de Carril.**



Carné novo da rede de bibliotecas públicas de Galicia. Ten código de barras, e con el dan un **contrasinal** para entrar na plataforma de préstamo **Galicia Le**

Expresión escrita

- Seguíde escribindo o que poidades.

Acentuación

- Recordade que cando empecen as clases tedes que facer a **PROBA** de **ACENTUACIÓN**.
- Polo tanto estudade ben toda a teoría que aparece nas páxinas 52-53 e 70. Sobre todo o **CADRO coas REGLAS XERAIS de ACENTUACIÓN**.
- Se non fixestes algún(s) exercicio(s) de ACENTUACIÓN (III) ou de ACENTUACIÓN (IV) ou dos dous textos (A e B) que hai na 2ª PROPOSTA de TRABALLO, facédeo(s) moi amodiño e consultando sempre a teoría (sobre todo o **CADRO coas REGLAS XERAIS de ACENTUACIÓN**).
- Cando os teñades todos feitos, repasádeos moi amodiño e consultando sempre a teoría. Sobre todo a partir do exercicio 7. E moi especialmente todos os textos que están sen corrixir.

Libro de texto

- Lede **En busca dun tesouro perdido** (páx. 98-99) e facede os seguintes exercicios da páxina 100: 1 (e o punto) -2-3 (e o punto) -4 (e o punto) -5 (e o punto) -6 (e o punto) -7-8 (e os tres puntos) -10-11-12-14.
- Lede (con moita atención, dúas veces polo menos e pensando no posible significado de cada un) os 24 adxectivos que aparecen no **Pasa lista** da páxina 102 e mais a explicación de **Palabras homófonas** da páx. 103.
- Facede todos os exercicios da páxina 103.
- Lede, varias veces e con moita atención, todo o que vos mando sobre os **numerais**. Despois facede, consultando sempre a teoría, os catro exercicios da páxina 106.
- Páxina 107 → Lede **Palabras con b e palabras con v** (con moita atención, varias veces e buscando no dicionario o significado das palabras que non coñezades). E despois, consultando sempre como se escribe cada palabra, facede os exercicios 1-2-3-4-5-6.
- Lede **Que é unha lenda?** (páx. 108) e mais o texto **O naufraxio** (páx. 109). Logo facede todos os exercicios da páxina 108.
- Facede todos os exercicios da páxina 113, sobre **O camiño dos Faros**.

1

Lectura

En busca dun tesouro enterrado



Hai unha época na vida de todo rapaz na que este desexa, máis que nada no mundo, saír por aí e desenterrar un tesouro escondido. Este desexo tamén lle veu de súpeto un día a Tom. Foi en busca de Joe Harper, pero fracasou. Logo buscou a Ben Rogers: fora pescar. Encontrouse pouco despois con Huck Finn «Man Vermella», e expúxolle confidencialmente o asunto. Huck mostrouse encantado. Sempre estaba disposto a participar en calquera empresa que ofrecese distracción e non esixise capital, porque tiña máis que dabondo desa clase de tempo que non é ouro.

- Onde temos que cavar? —preguntou Huck.
- Bah! En calquera lugar.
- 10 —E logo hai tesouros agochados por todas partes?
- Non. Están escondidos en lugares moi determinados, Huck.
- E quen os esconde?
- Os ladróns, quen querías que fose?
- Pois non sei. Se fosen meus non os enterraría, gastaríalos e levaría unha boa vida.

- 15 —Eu tamén, pero os ladróns non o fan así; escóndenos e déixanos alí.
 —E nunca volven despois para buscalos?
 —Non volven; teñen intención de facelo, pero polo xeral esquecense dos sinais ou morren. Pasado algún tempo, alguén atopa un vello papel amarelado onde se explica como atopar os sinais; un papel que se tarda máis dunha semana en descifrar.
- 20 porque todo el son signos e xeróglifos.
 —Xo... que?
 —Xeróglifos, debuxos e símbolos que parecen non significar cousa ningunha.
 —E ti tes algún deses papeis, Tom?
 —Non teño.
- 25 —Pois entón, como vas atopar os sinais?
 —Non precisamos ningún sinal. Sempre os enterran debaixo dunha casa encantada, ou nunha illa, ou debaixo dunha árbore seca que teña unha póla que sobresaía. Na illa de Jackson xa buscamos. Podemos intentalo na casa encantada, xunta o regueiro de Still House, e tamén hai moitas árbores con pólas mortas, moreas delas.
- 30 —E hai tesouros debaixo de todas as árbores?
 —Que parvadas dis! Non!
 —Daquela, como saberemos debaixo de cal está?
 —Rexistrarémolas todas.
 —Pero Tom, iso vainos levar o verán enteiro!
- 35 —E que? Supón que atopas un caldeiro de cobre con cen dólares balorentos e descoloridos, ou unha arca podre chea de diamantes. Que che parece?
 —Páreceme de primeira! Por min, dáme os cen dólares. Eu non quero os diamantes.
 Armáronse pois dunha vella picaraña e dunha pa e emprenderon aquela camiñada
- 40 de tres millas.
 Traballaron e suaron, sen resultado, durante media hora. Despois traballaron outra media hora, tamén sen resultado.
 —Entérrano sempre tan fondo? —preguntou Huck.
 —Polo xeral non. Creo que non atinamos co sitio.
- 45 Escolleron entón outro lugar e comezaron de novo. Cavaron en silencio durante algún tempo.
 —Ah, xa sei o que pasa! Que idiotas somos. Debemos atopar primeiro onde cae a sombra da póla á medianoite e cavar alí.
 —Arre demo! E estivemos traballando en balde durante todo este tempo? Temos
- 50 que volver á noite. Poderás saír?
 —Supoño que si. Ademais temos que facelo esta noite, porque se alguén ve os buratos saberá deseguida de que se trata e empezará a buscar pola súa conta.
 —Virei á noite e miañarei.
 —Conforme.
- 55 Pola noite, máis ou menos á hora sinalada, atopáronse alí os dous rapaces e sentaron algún tempo á espera, na escuridade.

Mark Twain: *As aventuras de Tom Sawyer*, Edicións Xerais (adaptación)

Comentario da lectura

Léxico

- 1 Busca no dicionario a palabra *capital* e copia os seus significados.
 - Que significado ten no texto (líña 7)?
- 2 Escribe unha oración con cada expresión:
A prezo de ouro.
Nin por todo o ouro do mundo.
Vale o seu peso en ouro.
- 3 Tom di que os mapas dos tesouros conteñen «xoglíficos». A que palabra se refire?
 - Explica que significa ese termo.
- 4 Os rapaces comentan que farían se atopasen un caldeiro con cen *dólares*. Sabes de que país é esa moeda?
 - Coa axuda do dicionario, relaciona estouras moedas co país no que se utilizan:

euro
libra esterlina
rublo
ien
peso
corona
bolívar

Xapón
México
Suecia
Rusia
España
Venezuela
Reino Unido

Comprensión

- 5 Copia as oracións que sexan verdadeiras:
 - a) Todos os rapaces soñan un día con descubrir un tesouro.
 - b) Tom decidiu ir el só na busca dun tesouro.
 - c) Huck Finn era fillo dun home moi rico e sempre andaba moi ocupado.
 - d) Os tesouros só se poden atopar en lugares moi determinados.
 - e) As instrucións para atopar un tesouro adoitan estar nun ordenador.
 - f) Os nenos cavaron en moitos sitios, pero non atoparon nada.
 - Transforma as oracións falsas para que sexan verdadeiras.
- 6 Quen enterra os tesouros?
 - E, segundo Tom, por que nunca volven buscalos?


- 7 Por que os dous nenos deciden ir buscar o tesouro á medianoite?

Personaxes

- 8 Escribe o nome de todos os personaxes que se citan no texto.
 - Cales interveñen no diálogo?
 - Cal é coñecido por un alias ou alcume?
 - Que idade cres que poden ter os rapaces? Por que?
- 9 Que clase de narrador está presente nesta novela? Busca no primeiro parágrafo algunha frase que xustifique a túa resposta.

Situación



- 10 Soluciona os xoglíficos e di onde adoitan estar escondidos os tesouros:



- 11 En que época do ano ten lugar esta historia? Por que o sabes?
 - 12 Mark Twain, o autor desta novela, centra as aventuras de Tom Sawyer á beira dun enorme río de Estados Unidos. Pescuda cal.
- ### Opinión persoal
- 13 Explica cun exemplo persoal o refrán «O tempo é ouro».
 - 14 Os protagonistas desta historia saben ben que farían se atopasen un tesouro.
 - E ti? En que o empregarías?

3 Vocabulario

Cos cinco sentidos



Pasa lista

balorento	escura	mesta	cru
eslamiada	enxito	reseso	agre
pegañento	saborosa	morna	doce
recentente	silandeiro	amplo	feble
rechamante	fedorenta	baleira	tenro
enxordecedora	engurrado	noxento	longo

As palabras homófonas

Reciben o nome de **palabras homófonas** (do grego *homo-*, 'idéntico' + *fono*, 'son') as que se pronuncian igual pero se escriben diferente: *balor* (mofo) e *valor*.

Le, consulta, resolve...

1 Completa, de acordo coa lectura, con adxectivos de **PASA LISTA**:

- Dí Tom: cen dólares ... e descoloridos.
- Cavaron unha hora, pero o burato estaba ...
- A noite que se xuntaron, coma todas, era ...

• Busca un sinónimo de *balor*.

- Escribe o significado de **balorento** con ese sinónimo.

- Cita dous alimentos que adoitan coller **balor**.

2 Asocia cada foto cun adxectivo de **PASA LISTA**.

3 Completa con *longo* ou *largo*.

longo 1. Que ten moita lonxitude. 2. Que dura moito tempo.

largo 1. Grande en anchura. 2. Que ten moita extensión. 3. Que non se axusta nin se cingue. Sinónimos: *ancho, amplo, extenso*.

- A pista de baloncesto mide 28 metros de ... e 15 metros de ...

- Quero pantalóns ..., que non me aperten.

- A película é boa; pero cansa, é moi ...

- A ponte seica ten 12 metros de ... e dous quilómetros de ...

4 Consulta algún dicionario e escribe a palabra simple da que procede cada adxectivo:

pegañento - recendente - rechamante - enxordecedora - saborosa - fedorenta - engurrado noxento - balorento - eslamiada

5 Substitúe cada adxectivo destacado por un sinónimo de **PASA LISTA**:

- O café **amargo** e **temperado** encántame.

- Déronme unha bebida **aceda** e **repugnante**.

- É un lugar tan **silencioso** porque hai moitas árbores e están moi **espesas**.

6 Asocia cada adxectivo de **PASA LISTA** con todos os sentidos polos que se pode percibir.

vista oído gusto olfacto tacto

7 Escribe cada adxectivo onde corresponda:

pequeno - húmido - pasado - débil - insípido
fresco - brando - grande - salgado - forte
duro - seco

	Sinónimo	Contrario
tenro		
feble		
amplo		
reseso		
enxoito		
eslamiado		

8 Busca en **PASA LISTA** o adxectivo que corresponde a cada significado.

- Que despide un olor agradable.

- Que despide un cheiro desagradable.

- Que ten moi pouco ou ningún sabor.

- Ruído excesivo que deixa como xordo.

- Que chama a atención, por ter cores vivas e fortes ou moitos adornos.

• Dos tres primeiros, busca cadanseu contrario en **PASA LISTA**.

9 Completa os ocios coas palabras homófonas apropiadas:

botar - votar rebelar - revelar hai - ail

- Deixa de ... o balón, que fai moito ruído.

- ... moita xente que non pensa o mesmo.

- Ti non sabes que non se poden ... os segredos?

• Agora escribe cadansúa oración coas palabras que non usaches.

10 Que significa *Poñer os cinco sentidos*?

a) Mirar, escoitar, saborear, ulir e tocar algo.

b) Actuar con coidado e coa máxima atención.

• Escribe unha oración con esa expresión.

1

Os numerais

Cardinais

cero	doce	corenta	cincocentos/cincocentas,
un/unha	trece	cincuenta	quiñentos/quiñentas
dous/dúas	catorce	sesenta	seiscentos/seiscentas
tres	quince	setenta	setecentos/setecentas
catro	dezaseis	oitenta	oitocentos/oitocentas
cinco	dezasete	noventa	novecentos/novecentas
seis	dezaioito	cen	mil
sete	dezanove	cento un/unha	dous/dúas mil
oito	vinte	cento dous/dúas	cen mil
nove	vinte e un/unha	douscentos/duascentas	un millón
dez	vinte e dous/dúas	trescentos/trescentas	
once	trinta	catrocentos/catrocentas	

Ordinais

primeiro/-a	décimo/-a	décimo sétimo/-a	sesaxésimo/-a
segundo/-a	undécimo/-a	décimo oitavo/-a	septuaxésimo/-a
terceiro/-a	décimo primeiro/-a	décimo noveno/-a	octoxésimo/-a
cuarto/-a	duodécimo/-a	vixésimo/-a	nonaxésimo/-a
quinto/-a	décimo segundo/-a	vixésimo primeiro/-a	centésimo/-a
sexto/-a	décimo terceiro/-a	vixésimo segundo/-a	ducentésimo/-a
sétimo/-a	décimo cuarto/-a	trixésimo/-a	tricentésimo/-a
oitavo/-a	décimo quinto/-a	cuadraxésimo/-a	milésimo/-a
noveno/-a	décimo sexto/-a	quincuaxésimo/-a	millonésimo/-a

Multiplicativos

dobre, duplo/-a	quíntuplo/-a	óctuplo/-a	céntuplo/-a
triplo/-a	séxtuplo/-a	nónuplo/-a	[Os restantes:
cuádruplo/-a	séptuplo/-a	décuplo/-a	cardinal + veces]

Partitivos

medio/-a	sétimo/-a	doceavo/-a	noventa e noveavo
terzo/-a	oitavo/-a	treceavo/-a	centésimo/-a
cuarto/-a	noveno/-a	catorceavo/-a	milésimo/-a
quinto/-a	décimo/-a	vinteavo/-a	millonésimo/-a
sexto/-a	onceavo/-a	trintaavo/-a	

4.4 Os numerais

Os numerais acompañan os substantivos expresando un número ou un lugar exactos. Clasifícanse en cardinais, ordinais, multiplicativos e partitivos.

Numerais	Indican...	Formas
Cardinais	un número exacto de unidades	un/unha, dous/dúas, nove, dezaioito, vinte e dous/dúas, vinte e sete, trinta, corenta, cincuenta, oitenta, cincocentos/as, mil, dous/dúas mil...
Ordinais	un lugar exacto	terceiro, sétimo, oitavo, décimo cuarto, vixésimo, trixésimo...
Multiplicativos	un múltiplo	dobre (e duplo), triplo, cuádruplo, quintuplo, séxtuplo, séptuplo, óctuplo, nóuplo, décuplo, céntuplo...
Partitivos	unha fracción	terzo, cuarto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, onceavo, doceavo, vinteavo, corenta e oitavo...

Os numerais poden ser tamén pronomes: *A túa casa ten oito pisos, a miña só cinco. Ti vives na sétima planta, eu na cuarta.*

Para usar correctamente os numerais cómpre ter en conta:

- **Cardinais.** *Un* e *dous* úsanse para **masculino**. *Unha* e *dúas*, para **feminino**.
- **Multiplicativos.** Adoitan usarse só *dobre* e *triplo/a*. No resto emprégase o cardinal + veces: *Podes gañar o dobre ou o triplo, ou sete ou oito veces máis.*
- **Partitivos.** A partir de 1/11 fórmanse co sufixo **-avo/-ava**: *onceavo, vinte e dousavo, noventa e noveavo...* Excepcións: *centésimo/a, milésimo/a, millonésimo/a.*

Nota: No APÉNDICE aparece unha ampla relación de numerais.

Consulta e aplica...

- 7** Copia o seguinte texto, escribindo con letra os numerais:

Este verán organizaron na praia un campionato no que participamos 42 rapazas e 82 rapaces. Empezou o 10 de xullo e rematou o 24 de agosto, cando entregaron os 18 premios que había.

Cada participante tiñamos que competir en 21 xogos moi diferentes, e daban puntos segundo o resultado que se obtiña. Pero valían uns máis ca outros: algúns ata o x2, e outros incluso o x3.

O gañador foi un amigo meu, Antón, que acadou 10 053 puntos. De 2ª quedou unha rapaza, Andrea, con 9 579. E de 3ª outro rapaz, Carlos, con 8 416. Elisa foi 4ª con 7 931 puntos. Uns amigos que quedaron ben foron: Fran de 8ª, Antía de 12ª, Paco de 17ª e Xes de 20ª. Eu...

- 8** Escribe con letra os seguintes numerais:

42 cadernos	2 849 persoas	12ª piso	1/12
217 rapazas	7 228 garfos	18ª letra	1/18
522 fiestras	22 6757 euros	27ª posto	1/27
981 coellos	581 431 caixas	44ª fila	1/44

- 9** Le esta adiviña e vai calculando:

*Unha sebe tres anos dura;
un can, tres sebes;
un cabalo, tres cans;
un home, tres cabalos;
e unha tartaruga... dous homes.*

- Escribe as respostas con letra: Cantos anos dura un can? E un cabalo? E un home? E unha tartaruga?

- 10** Completa esta adiviña cos numerais que corresponden:

*Tres porcos dan ... fociños,
... orellas, ... lacóns,
... rabos e ... touciños,
... uñas e ... xamóns.*

- Escribe a resposta con letra: Cantas partes dan en total os tres porcos?



5 Ortografía

Uso de b e v

Palabras con b e palabras con v

- Escríbense con **b**: *abelá, bafo, baldeiro/baleiro, beira, billa, bolboreta, gabia, marabilla, móbil, nobelo, polbo, rebentar, ribeira* e as palabras das súas familias léxicas.
- Escríbense con **v**: *acivro, avó, avogado, chuvasco, covarde, Cristovo, escaravello, escarvar, Estevo, esvarar, garavanzo, gravar, gravata, pavillón, trevo, varanda, varrer, vasoira, vermello, verniz, voda, voitre, vulto* e as palabras das súas familias léxicas.



Identifica e completa...

- 1 Asocia cada foto cunha palabra de arriba.
- 2 Busca cadanseu sinónimo, con **b** ou con **v**:

libre	alento	paquete	escorregar
costa	cuneta	estoupar	encarnado
marxe	escavar	casamento	chaparrada

- 3 Escribe un verbo de cada familia léxica:
bafo - baldeiro - marabilla - móbil - covarde
escaravello - verniz - vulto
- 4 Pon **b** ou **v** e completa o cadro, como no exemplo.
escar_ adentes - _afarada - porta_ ultos - pol_ eira
automó_ il - es_ aradío - re_ entón - mo_ iliario
a_ eleira - mara_ illosa - co_ ardía - chu_ asqueiro
eirarrúa - gra ación - _arredor -

Palabra	Da familia de...
escarv adentes	escarvar

- 5 Emparella cada significado coa palabra que corresponda do exercicio 4:
- Conxunto de mobles dun cuarto, casa, etc.

- Persoa cuxo oficio é limpar as rúas.
- Cheiro desagradable e forte do alento.
- Sitio de comidas onde se serve polbo.

- 6 Copia o texto e pon **b** ou **v** en cada oco:

- Este _ o díxolle a Sabela que a levaba el no porta_ ultos da bicicleta, e que así Cristo_ o, o seu amigo a_ ogado, podía gra_ ar mellor o percorrido. Pero a moza contestoulle que irían en automó_ il, porque estaba moí es_ aradía a estrada e non quería acabar _ arrendo o chan co vestido de noiva ou tirada nunha ga_ ia. Entón el chamoulle co_ arde; e ela, que era un no_ elo de nervios, re_ entou: ata lle soltou que a súa gra_ ata, _ ermella, non lle gustaba nada!
- Aquel día semellaba que esqueceran pechar a _ illa da choiva, e os chu_ ascos empapáronos a todos. Nin os chu_ asqueiros lles valeron de nada! E por riba Cristo_ o es_ arou na _ eirarrúa, caeu diante do pa_ illón de deportes e quedou inmó_ il, coma un _ ulto. Sabela e Este_ o non esquecerán nunca a súa "mara_ illosa" _ oda!

- 7 Ditado.

6 Literatura

As lendas

Que é unha lenda?

Unha **lenda** é unha narración relacionada cun lugar, un feito ou un personaxe real e na que aparecen elementos fantásticos.

A súa orixe adoita ser popular; é dicir, como os contos populares, as lendas foron transmitidas nun principio de maneira oral, ata ser recollidas posteriormente por escrito.

Velaquí algunhas das súas características:

- **Espazo e tempo.** A acción das lendas adoita estar localizada nun espazo real e nun tempo concreto.
- **Personaxes.** Os personaxes son seres humanos que protagonizan acontecementos fantásticos nun ambiente con certo misterio.
- **Finalidade.** O narrador presenta os feitos como verídicos, é dicir, como se ocorresen realmente. O seu fin é, case sempre, explicar feitos, costumes dun pobo, nome dun lugar, etc.

Comprende, identifica, resolve...

Le atentamente o texto da páxina seguinte e contesta as preguntas.

- 1** No texto que che presentamos hai tres partes claras. Identifícaaas:

Desde a liña ... ata a liña ...: Nárrase un feito real sucedido hai tempo.

Desde a liña ... ata a liña ...: Nárrase unha lenda baseada nese feito.

Desde a liña ... ata a liña ...: Recolle a opinión da autora.


I. O feito real

- 2** Cal é o feito real que se narra?
- 3** Onde tivo lugar esa desgraza?
- 4** Dise cando sucedeu exactamente?
- 5** Que personaxes aparecen nesa primeira parte do relato?
- 6** Nese fragmento danse algúns detalles que lle proporcionan maior verosimilitude ao relato. Cita algúns.

II. A lenda

- 7** Quen recolleu a lenda que se narra?
- De onde era e onde se atopaba o escritor?
- 8** Que feito explica mediante esa lenda?
- a) Por que hai tantos percebes na Costa da Morte.
- b) Por que se escoita unha música nas noites de vento.
- 9** Que elemento sobrenatural aparece, agora si, na lenda?

III. O comentario final

- 10** De que elemento xeográfico concreto fala a autora?
- 11** Segundo a autora, que outro feito real podería explicar esa lenda?
- 12**  Pregunta na casa e escribe algunha lenda tradicional da túa comarca.
- Refírese a algún lugar da túa contorna que ti coñeces?

Le, reflexiona, escribe...

O naufraxio

Un día de San Lourenzo de hai douscentos anos, naufragou o *Splendor of the Seas*, un fermoso bergantín que nos seus primeiros tempos servira para transportar cacao e azucre desde as colonias.


Cando ocorreu a desgraza, o barco levaba a adega medio baleira e nos camarotes, en lugar da habitual pasaxe de comerciantes, aloxábase unha orquestra de músicos. Despois de realizar unha tranquila travesía, xa a punto de tocar porto, o *Splendor of the Seas* viuse de súpeto envolto nos sopros tempestuosos dunha galerna. Toda a forza do vento abateuse sobre o bergantín, abaneándoo de proa a popa, inutilizando o goberno da nave e deixando a tripulación e a pasaxe literalmente en mans do mar. Pese á coraxe do capitán John Tailor, a galerna abateu o *Splendor of the Seas*, e a orquestra de músicos que transportaba foi tragada coa tripulación polas traizoeiras augas da Costa da Morte.

Son moitas as lendas que xurdiron deste naufraxio. A versión máis estendida, e a máis romántica tamén, é a referida polo viaxeiro galés Harold Meredith Drake, que percorreu a Costa da Morte a caballo e escribiu no seu diario titulado *A viaxe á fin do mundo*:

«Aquela música inquietante que se escoitaba en noites de vento, lonxe de calmar o espírito, esta-rrecíao. Parecía saír do mar, de entre as puntas de espuma das ondas, vagando como unha melodía sobre o lombo das costas abruptas. E non é de estrañar, pois hai cousa de vinte e cinco anos, neste mesmo lugar, unha das frecuentes galernas que azoutan estas augas perigosas tragou os músicos da orquestra que transportaba o bergantín *Splendor of the Seas* e ninguén podería asegurar que eses músicos non son os que, atrapados pola maldición, repiten unha e outra vez a mesma música apegadiza: un fragmento da *Creación* é interpretado nun lugar incerto do centro do mar, e ata a miña ventá pasearon os magoantes ecos dos violíns destripando dolorosamente as súas cordas».

A partir de Harold Meredith, a todos os escritores lles deu por escribir do naufraxio, dos músicos desaparecidos e das melodías que xorden do mar interpretadas pola fantasmal orquestra. Algúns imaxinan que procede dun punto exacto do mar, no nacemento do penedo chamado O Centolo. E ata certo punto ten razón de ser, porque xunto ao Centolo é onde máis barcos foron ao fondo desde que o mundo é mundo, e o mar, mar.

Cecilia Monllor: *A orquestra da fin do mundo*, ed. Galaxia (adaptación)



Comproba as túas competencias



O Camiño dos Faros



O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo que vai desde Malpica ata Fisterra, percorrendo a Costa da Morte polo bordo do mar. Durante algo máis de 200 quilómetros, o Camiño pasa por algúns dos faros máis emblemáticos da costa galega.

- No mapa da esquerda faltan os nomes de Fisterra, Ponteceso e Muxía. Coa axuda de Internet, colócaos no lugar correspondente.
- A ruta divídese en oito etapas. Fíxate ben no mapa e escribe os nomes de cada unha:
 Etapa 1: Desde ... ata ...

- Nos gráficos de abaixo podes ver o perfil de dúas das etapas do Camiño dos Faros.
 - Na etapa 1, cando cres que será máis difícil a ruta, ao principio ou ao final? A partir de que quilómetro se fai máis dura?
 - A etapa 7 é unha das máis duras. Que altura se alcanza? Que quilómetros serán os peores?
- Ademais dos faros, a ruta está deseñada para gozar da paisaxe e dos costumes dos lugares por onde pasa. En que etapa poderemos...?
 - Bañarnos na praia de Lires.
 - Contemplar as illas Sisargas.
 - Visitar o museo de Man, en Camelle.
 - Probar os percebes do Roncudo.
 - Contemplar a beleza do cabo Vilán.
 - Coñecer a lenda da furna de Buserán.
 - Ver o dolmen de Dombate.
 - Abanear sobre a Pedra de Abalar.



<http://www.caminodosfaros.com/p/camino-dos-faros.html>